

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

MAIO CULTURAL GALEGO

Un mes cheo de actos na axenda galega barcelonesa

Dende Suso de Toro a Manuel Rivas e de Carmen Blanco a Yolanda Castaño, un mes que retará moitas axendas.

Xabier Paradelo - 18:15 02/05/2007

Rematou o Sant Jordi e a Semana do Libro e, sen case tempo para coller folgos, comeza maio cheo de citas. Alén do [SonGaliza](#), nas vindeiras semanas haberá conferencias, música, poesía, teatro... Actos organizados pola [Federación](#) de Entidades Galegas ou polas entidades integrantes de [Rede.cat](#), o conxunto supera os actos oficiais ao redor do Día das Letras Galegas.

Comezamos este venres 4 coa conferencia "A literatura no libro e na xente" do escritor Suso de Toro, no Auditori de Cornellà, e o sábado 5 con Ricardo Gurriarán no Centro Galego de Barcelona onde presentará o [libro](#) *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago de Compostela (1900-1940)*, un documentado traballo sobre a creación das redes de investigación científica que logo serían coutadas polo franquismo.

A primeira cita coa poesía será na Biblioteca Bonnemaison o día 8, coa participación de Yolanda Castaño nunha mesa de poetas canda a vasca Miren Agur Meabe e as catalás Gemma Gorga e Montserrat Rodés, e presentadas por Helena González e Francesco Ardolino, profesores da UB. O acto, organizado polo Centre Dona i Literatura, está enmarcado no ciclo anual [Barcelona Poesía](#). Yolanda Castaño tamén participa o día 9 no *Festival Internacional de Poesía de Barcelona*, no Palau de la Música.

Pola banda máis institucional, o día 12, na cita anual no Saló de Cent de Concello de Barcelona o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, ofrecerá a conferencia titulada "A Real Academia Galega: Pasado, presente e futuro". E xa cadrando co Día das Letras, o 17, no Pazo da Generalitat Manuel Rivas dará a conferencia "As Letras Galegas 2007: María Mariño", presentado polo Vicepresident, Josep-Lluís Carod-Rovira, e seguida dun recital de poemas a cargo do poeta Miguel Anxo Fernán Bello.

A profesora da USC, Carmen Blanco, especialista en María Mariño, obsequiará na Universitat de Barcelona o día 18 coa [conferencia](#) "O misterio de María Mariño". Tamén na UB, a exposición biobibliográfica anual da biblioteca exporá hogano unha mostra de libros sobre "María Mariño e as escritoras baixo a ditadura".

O sábado 19 no Centro Galego poderase asistir á obra de teatro *Blazek*, espectáculo do grupo galego-catalán *El retrete de Dorian Gray*, formado polo actor, clown e showman galego Marcos PTT e polo mago e malagarista Ezra Moreno. O acto está organizado por Furafolas e o mesmo Centro.

E case rematando o mes, se non hai máis sorpresas, o 25 de maio Espazo Galego pecha o [II Ciclo](#) "Galiza: nin rastro de mulleres?" na Biblioteca Bonnemaison cun recital poético en homenaxe a María Mariño e o fallo do concurso *Contos no Mediterráneo*. Na biblioteca tamén se poderá ver a exposición da Marcha Mundial de Mulleres, do 21 ao 31 de maio.

ACTOS NO MES DE MAIO (MAIO CULTURAL GALEGO)

4 de maio, 19.30 h

Conferencia de Suso de Toro: "A literatura no libro e na xente".

[Auditori de Cornellà](#)

Albert Einstein, 51 | Cornellà

5 de maio, 19.30 h

Conferencia de Ricardo Gurriarán: "Ciencia e Conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940). Do influxo institucionalista e a JAE [Junta para la Ampliación de Estudios] á depuración do profesorado".

[Centro Galego de Barcelona](#)

Rambla Caputxíns, 35

8 de maio, 19.30 h

Mesa de poetas: "*La llengua, també, ha estat desada, l'han penjada a la biblioteca*" ["*A lingua, tamén, foi gardada, colgárona na biblioteca*", Sylvia Plath.]

Participan: Miren Agur Meabe (éuscara), Yolanda Castaño (galego), Gemma Gorga (catalán) e Montserrat Rodés (catalán). Dentro do ciclo [Barcelona Poesía](#).

Presentación de Helena González i Francesco Ardolino.

Centre de Cultura de Dones [Francesca Bonnemaison](#)

Sant Pere Més Baix, 7 | Barcelona

Do 11 ao 13 de maio

Festival [SonGaliza](#)

(Consultade todos os actos en [Vieiros](#) ou na web do Festival)

12 de maio, 19.30 h

Conferencia de Xosé Ramón Barreiro Fernández, Presidente da Real Academia Galega: "A Real Academia Galega: Pasado, presente e futuro".

Saló de Cent do [Ajuntament](#) de Barcelona

P. Sant Jaume | Barcelona

16 de maio, 20 h

Presentación do libro de poesía *A ollada de Astarté*, de Pura Salceda, (Ed. Espiral Maior), coa presenza da autora e do editor, Miguel Anxo Fernán Bello.

[Galería Sargadelos](#)

Provença 276 | Barcelona

17 de maio, 19.30 h

Conferencia de Manuel Rivas: "As Letras Galegas 2007: María Mariño".

Recital de poesía a cargo do poeta Miguel Anxo Fernán Bello.

Presentación a cargo do vicepresidente da Generalitat, Josep Lluís Carod-Rovira.

Palau de la [Generalitat](#)

P. Sant Jaume | Barcelona

18 de maio, 19.30 h

[Conferencia](#) de Carmen Blanco: "O misterio de María Mariño"

Aula 113, Edifici Històric

[Universitat](#) de Barcelona

Gran Via de les Corts Catalanes, 585 | Barcelona

19 de maio, 19.30 h

Obra de teatro *Blazek*, a cargo d'*El retrete de Dorian Gray* (Marcos PTT e Ezra Moreno).

[Centro Galego de Barcelona](#)

Rambla Caputxíns, 35

25 de maio, 19 h

[II Ciclo](#) "Galiza: nin rastro de mulleres?"

Recital poético en homenaxe a María Mariño, a cargo de Ángela Serna e Pilar Corcuera, integrantes do grupo vasco *Xurxulak*, e presentación do CD de poesía galega *Pensando nelas*, realizado en Euskadi.

Entrega dos premios do concurso literario *Contos no Mediterráneo*.

Biblioteca Francesca Bonnemaison

Sant Pere més Baix, 7 | Barcelona